



PROCESO DE ADMISIÓN DE ALUMNADO CURSO ACADÉMICO 2023/24

NORMATIVA REGULADORA:

- **Decreto 13/2022**, do 3 de febreiro, polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (DOG do 11 de febreiro).
- **Orde do 21 de outubro de 2022** pola que se desenvolve o Decreto 13/2022, do 3 de febreiro, e se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (códigos de procedemento ED550A, ED550B e ED550C).

OFERTA DE POSTOS ESCOLARES:

Educación Infantil		Educación Primaria		Educación Secundaria	
4º	22 + 3 NEAE*	1º	2 + 6 NEAE	1º	20 + 6 NEAE
5º	12	2º	22	2º	6
6º	3	3º	17	3º	19
		4º	20	4º	18
		5º	14		
		6º	11		

NEAE: Nº de prazas reservadas a alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo.

ÁREAS DE INFLUENCIA:

- Casco urbán de Caldas de Reis.
- Arcos da Condesa.
- Tivo.
- Bemil.
- Godos.
- Saiar.
- Santo André.
- Carracedo.

ÁREAS LIMÍTROFES:

Todas as que limiten coas áreas de influencia, con independencia da súa pertenza ao mesmo ou a distintos concellos.

CENTROS ADSCRITOS:

- CRA de Caldas de Reis.



NOTAS INFORMATIVAS (importante):

1º Todo o alumnado incluído no ámbito de aplicación da Orde anteriormente citada poderá presentar solicitude de admisión, pedindo ata seis (6) centros por orde de preferencia, e alegar os criterios de admisión que pretenda que se lle valoren. Esta solicitude de admisión dirixirase ao centro solicitado en primeiro lugar.

Despois de presentar unha solicitude de admisión, para renunciar a ela deberá facerse expresamente, indicándoo no recadro correspondente da nova solicitude que deberá presentarse.

2º O alumnado que teña prioridade para continuar estudos nun centro de adscrición pode exercer o seu dereito á reserva de praza presentando solicitude de reserva no centro adscrito, isto é, no que está matriculado nese momento, e identificará o centro de adscrición que solicita.

3º En todo caso, a solicitude de reserva ou de admisión é única para cada alumno/a e ten carácter vinculante. A súa presentación implica que son certos os datos indicados nela.

A existencia dunha solicitude de admisión presentada en prazo sen renunciar expresamente á anterior e, así mesmo, a existencia dunha solicitude de admisión sen ter renunciado á praza reservada a 28 de febreiro (este incluído) poderán ser causa de perda do dereito a participar no procedemento nos termos previstos no artigo 8 da citada Orde.

4º En todo caso, a admisión e a matriculación nun centro docente público implicará respectar o seu Proxecto Educativo.

5º Toda a información sobre o proceso de admisión poderá ser consultada na aplicación admisionalumnado (<https://www.edu.xunta.gal/admisionalumnado>)

CRITERIO COMPLEMENTARIO APROBADO POLO CENTRO:

Alumnado que só teña transporte ao noso centro sen unitaria, a acreditación de tal circunstancia farase co empadramento familiar.

SERVIZOS COMPLEMENTARIOS:

- Transporte Escolar.
- Comedor Escolar.
- Plan Madruga, xestionado pola Anpa.
- Actividades extraescolares, xestionadas pola Anpa.